

# programación xuño 08

## Teatro Lauro Olmo

### O Barco de Valdeorras



CONCELLO  
O BARCO DE VALDEORRAS  
Concellaría de Cultura




REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

IGAEMI

Instituto galego  
das artes escénicas  
e musicais



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística



sáb.7 [17, 20 e 22.30 h.]  
dom.8 [17 e 20 h.]



CINE

ven.20 [22.30]  
sáb.21 [17, 20 e 22.30 h.]  
dom.22 [17 e 20 h.] luns 23 [22:30]



ven.13 [22.30]  
sáb.14 [17, 20 e 22.30 h.]  
dom.15 [17 e 20 h.] luns 16 [22:30]



ven.30 [22.30]  
sáb.31 [17, 20 e 22.30 h.]  
dom.1 [17 e 20 h.] luns 2 [22:30]

# Contador

é un cubo de tres metros de lado, instalado en espazos públicos de trinta localidades de Galicia, no que se elabora un conto colectivo. Partindo dun comezo provisto polo propio Contador, cada participante narra unha parte da historia coa única referencia do fragmento de relato inmediatamente anterior, o que pode dar lugar a derivacións máis ricas e divertidas. Con **Contador**, a Secretaría Xeral de Política Lingüística pretende promover o uso da lingua galega nos lugares públicos, fomentar a creatividade e asociar o idioma propio do país ao uso das novas tecnoloxías, ademais de aproveitar a riqueza oral do idioma e o talento dos galegos e das galegas como contadores de historias.



domingo **1 xuño**  
das 16 ás 20 h.  
no Malecón  
frente ao TLO

Máis información en <http://www.galegoelogo.com/>



venres  
**6 xuño**  
21.00 h.  
TLO

# Estigma

## Centro Dramático Galego

**Estigma** é o resultado do proxecto de dramaturxia residente DramA3, iniciado no verán de 2007 como exercicio de escrita a tres bandas a cargo dos autores Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal, último Premio Nacional de Literatura Dramática.

Dani Salgado, coordinador do proceso de escrita, exerce agora como director escénico desta montaxe, para o que comezou o traballo cun reparto para cinco actores: Xavier Deive, Xosé Manuel Esperante, Clara Gayo, Vicente de Souza e María Tasende Coteló.

A acción sitúase nunha illa case deserta na que, trala erupción dun volcán, unha muller investiga unha masacre, dous irmáns enfrontan o destino que levan marcado na pel, unhas voces do pasado interfíren no presente dunha parella e, baixo a sombra duna figueira, aparece un descoñecido. Morte, terra e memoria son os elementos que guían esta nova proposta do CDG nunha peza chea de suspense.